



Convocatoria conxunta da Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria pola que se aproban as bases e se convocan os premios aos mellores proxectos do programa “Recíclate con Sogama”, enmarcados dentro do Plan Proxecta

No marco da Resolución do 14 de agosto de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o Plan Proxecta e se establecen as bases para a participación no mesmo dos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, encádrase “Recíclate con Sogama”, promovido pola Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA).; unha iniciativa educativa coa que se pretende fomentar a axeitada separación do lixo producido nas escolas, depositando cada fracción nos contedores axeitados, xa subministrados por Sogama aos 16 centros de infantil e primaria seleccionados, para facilitar así o seu posterior reciclado.

Co fin de recoñecer o traballo, esforzo e interese da comunidade educativa dos centros participantes neste programa, Sogama, e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia convocan conxuntamente este concurso a través do cal se concederán unha serie de premios a aqueles proxectos dos centros que se distingan polo seu bo facer e resultados acadados.

Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto convocar e regular o concurso correspondente ao programa que leva por título “Recíclate con Sogama”, promovido pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A (entidade dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas), e



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



canalizado a través do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Participación

Poderán participar nesta convocatoria os 16 centros de educación infantil e primaria seleccionados para participar no programa “Recíclate con Sogama” durante o curso académico 2012-2013.

Premios

Establécense tres premios dotados con vales de 1.000, 700 e 300 euros respectivamente para que os centros dos proxectos gañadores poidan canxealos en El Corte Inglés por artigos de interese para o traballo educativo nas aulas.

- 1º premio: 1.000 euros.
- 2º premio: 700 euros.
- 3º premio: 300 euros.

Poderán contemplarse tamén Accésits cos que se recoñecerá, a través dunha certificación o labor daqueles centros que, sen ser gañadores, teñan destacado pola realización dalgunha actividade concreta que contribúa en boa medida a acadar os obxectivos do programa.

Ademais, no caso do primeiro clasificado, todo o alumnado do centro que participe activamente en “Recíclate con Sogama” recibirá entradas gratuítas para pasar unha xornada no Parque Acuático de Cerceda (A Coruña).

Os premios faranse efectivos con cargo ao orzamento da Sociedade Galega do Medio Ambiente para o ano 2013, no que existe crédito axeitado e suficiente.



A persoa coordinadora e o profesorado participante nos proxectos premiados recibirán da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha certificación de premio de innovación educativa.

Prazo de presentación

O prazo para a redacción final da memoria dos proxectos dentro da sección específica da plataforma de xestión do Plan Proxecta rematará o 31 de maio de 2013.

Valoración dos traballos

Os criterios a utilizar para valorar os distintos proxectos realizados polos centros participantes son os seguintes:

- Cumprimento dos obxectivos e consecución das liñas estratéxicas do Plan Proxecta conforme se establece na Resolución do 14 de agosto de 2012 que o regula. Este apartado representará o 50% da puntuación total.
- Calidade do material seleccionado a través dos tres contedores (amarelo, azul e verde) cos que contan as illas de reciclaxe proporcionadas por Sogama aos 16 centros participantes. Para isto realizaranse caracterizacións e mostraxes periódicas por parte de técnicos ao servizo da Sociedade Galega do Medio Ambiente. A calidade do material será maior canto menor sexa a porcentaxe de impropios –refugалlos incorrectamente depositados nos distintos recipientes-. Este apartado representará o 30% da puntuación total.
- Desenvolvemento de actividades nas que se impliquen as familias do alumnado nun intento de trasladar ao ámbito familiar as boas prácticas ambientais materializadas na escola. Este apartado representará o 15% da puntuación total.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



- Fórmulas para facer partícipe desta iniciativa ao concello e buscar a súa colaboración e implicación. Este apartado representará o 5% da puntuación total.

Xurado

1. Os traballos que se presenten a esta convocatoria serán examinados e avaliados por un xurado constituído por:
 - Presidente: Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A (SOGAMA) ou persoa na que delegue.
 - Vicepresidente: Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou persoa na que delegue.
 - Vogais:
 - Unha persoa asesora de innovación educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
 - Unha persoa representante do Departamento de Comunicación de Sogama que actuará como secretaria.
2. De ser necesario, o xurado poderá contar co asesoramento de especialistas.
3. Os premios anunciados poderán ser declarados desertos.

Difusión e publicación

1. Sogama e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderán proceder a divulgar a través dos seus propios



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA




medios (páxinas web, redes sociais e comunicados de prensa) os resultados desta convocatoria.

2. Os gañadores quedan obrigados a asumir as responsabilidades que puideran resultar da utilización dos textos, imaxes e outros elementos creativos achegados na realización dos traballos e nos que a propiedade sexa de terceiras persoas ou entidades alleas á presente convocatoria.
3. A participación de menores nas reportaxes fotográficas que formen parte dos traballos deberá contar coa autorización por escrito dos pais ou titores.
4. A participación na correspondente convocatoria supón a aceptación de todas as bases.


Santiago de Compostela, a 28 de febreiro de 2013

O presidente da Sociedade Galega
do Medio Ambiente, S.A (SOGAMA)

O Director Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación
Educativa



Luís Lamas Novo



Manuel Corredoira López